



ELAS-XORNADA PARTICIPATIVA-GOLFO ÁRTABRO SUR:

Elas participou onte **día 10 de Novembro** na "**Xornada de Elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do GALP Golfo Ártabro Sur**".

Aportamos **7 propostas**, repartidas nos **3 bloques** que se trataron:

I- INNOVACIÓN E SECTOR PESQUEIRO:

-Posta en marcha dunha marca de calidade ligada á Reserva da Biosfera As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

-Fomento da acuicultura, por ter moito potencial de crecemento e por ser o sector máis igualitario en xénero en canto a número de empregados-emplegadas.

II-ECONOMÍA E TURISMO:

-Fomento do turismo medioambiental: roteiros mariñeiros, observación de aves, etc. O ecoturismo ten de bo que non depende da estacionalidade.

-Fomento do turismo mariñeiro relacionado co traballo da muller do mar, para a súa visibilidade: visitas ás redeiras, ás marisqueiras, ás industrias de transformación, etc.

-Mellor formación do persoal no sector turístico, en temas coma: espazos de interese natural e biodiversidade na nosa zona costeira, actividades no mar e na natureza, idiomas, comercio a través de internet, etc.

III-MEDIOAMBIENTE E PATRIMONIO:

-Creación dun Voluntariado Ambiental, investindo na súa formación e no desenvolvemento das actividades deste Voluntariado.

-Posta en valor do noso patrimonio natural e, sobre todo, mellora na súa conservación.